

BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO EQUIPO XESTOR DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL PONTEVEDRA – MORRAZO (GDR-15)

A Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra-Morrazo (GDR Pontevedra-Morrazo) concorreu á convocatoria da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) para a selección de Grupos de Desenvolvemento Rural como entidades colaboradoras na xestión da medida 19 LEADER do PDR de Galicia 2014-2020.

Entre as condicións de admisibilidade aplicables ás organización candidatas a adquirir a condición de GDR, establécese o compromiso de dotarse dun equipo técnico con formación e capacidade para xestionar a estratexia de desenvolvemento proposta.

A Xunta Directiva do GDR Pontevedra-Morrazo de data de 09 de novembro de 2016, aprobou por unanimidade as bases para a selección e contratación do equipo xestor do GDR Pontevedra-Morrazo para a provisión dunha praza de xerente, unha de técnico/a e unha de administrativo/a para xestión e aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Rural participativa do GDR 15.

As presentes bases foron redactadas de acordo ao establecido na instrución nº1/2016, de 26 de agosto de 2016, sobre o procedemento de selección do equipo xestor dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) na medida LEADER do PDR de Galicia 2014- 2020, ao modelo de Convenio de colaboración entre a AGADER e os GDR autorizado polo Consello da Xunta o 4 de agosto de 2016, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local no marco do Programa LEADER Galicia 2014-2020, e ás bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local e para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural (GDR) como entidades colaboradoras na xestión da medida LEADER, no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

No caso de que o GDR Pontevedra-Morrazo non resultara seleccionado como entidade colaboradora na xestión do Programa LEADER Galicia 2014-2020, o presente procedemento de selección quedará anulado, quedando o GDR Pontevedra Morrazo eximido de calquera tipo de reclamación, compromiso ou

responsabilidade coas persoas admitidas no presente procedemento de selección e contratación.

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, regular o proceso selectivo para a contratación laboral do equipo técnico para a xestión da medida LEADER 2014-2020 do GDR 15 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra-Morrazo, cofinanciada con fondos FEADER, no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Segunda.- Prazas que se convocan.

As prazas que se convocan son:

- 1 Xerente. Titulación mínima: Licenciatura ou Enxeñería superior.
- 1 Técnico/a. Titulación mínima: Licenciatura ou Enxeñería superior.
- 1 Administrativo/a. Titulación mínima: Bacharelato ou FP II

O equipo xestor terá dedicación exclusiva ao GDR Pontevedra-Morrazo e non desempeñará cargos electos nos órganos de ningún GDR.

Terceira.-Tipo de contrato e duración.

- *Xerente:* a contratación laboral farase a xornada completa baixo a modalidade temporal de obra ou servizo determinado para a dirección, xestión e aplicación da medida LEADER GALICIA 2014-2020 do GDR 15 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra-Morrazo. Período de proba 6 meses.
- *Técnico/a:* a contratación laboral farase a xornada completa, baixo a modalidade temporal de obra ou servizo determinado para a xestión técnica da execución da medida LEADER GALICIA 2014-2020 do GDR 15 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra-Morrazo. Período de proba 6 meses.
- *Administrativo/a:* a contratación laboral farase a xornada completa, baixo a modalidade temporal de obra ou servizo determinado para a xestión administrativa da execución da medida LEADER GALICIA 2014-2020 do GDR 15 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra-Morrazo. Período de proba 2 meses.

Cuarta.-Retribucións.

As retribucións brutas a percibir polos/as traballadores/as contratados/as serán:

- *Xerente: 32.000 euros de salario bruto anual*
- *Técnico/a: 26.000 euros de salario bruto anual*
- *Administrativo/a: 18.000 euros de salario bruto anual*

O convenio aplicable será o de oficinas e despachos da provincia de Pontevedra.

Quinta.- Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas no proceso de selección as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser español/a ou cidadán/á de calquera dos Estados membros da Unión Europea.
- Ter cumpridos 18 anos de idade.
- Estar en posesión de calquera dos títulos especificados nas bases de selección e contratación.
- Dispoñer dunha conta de correo electrónico
- Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto para o que se contrate.
- Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.
- Non desenvolver cargos electos en ningún Grupo de Desenvolvemento Rural.
- Carné de conducir tipo B1.
- Dispoñibilidade de vehículo propio.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e mantelos durante a vixencia do contrato.

Sexta.- Proceso de selección.

O procedemento selectivo constará das seguintes partes:

- **Proba escrita:** será obrigatoria e estará centrada, para cada un dos postos ofertados, sobre materias de desenvolvemento rural, do PDR de Galicia 2014-2020, da normativa de subvencións e do coñecemento do ámbito territorial do GDR 15, segundo se especifica no anexo I.

A proba será presencial, en formato tipo test, acadando unha puntuación máxima de 50 puntos. A comisión de selección decidirá a nota de corte das persoas candidatas para que accedan ás seguintes fases do proceso de selección, un mínimo de 5 persoas por posto. No caso de non existiren candidatos/as suficientes pasarían todos/as a seguinte proba.

No caso da proba para o posto de administrativo/a, poderá incorporar un exercicio práctico con ordenador, sobre ferramentas e procedementos ofimáticos e internet cunha puntuación máxima de 20 puntos sobre os 50 puntos totais da proba.

- **Entrevista persoal:** As persoas candidatas someteranse a unha entrevista persoal que terá como finalidade principal comprobar a idoneidade dos aspirantes, valorando as aptitudes e capacidades e as actitudes e disposición dos mesmos para o desenvolvemento das funcións e tarefas do posto ao que opten. A duración será de entre 15 e 30 minutos. A puntuación máxima será de 25 puntos.
- **Concurso:** No que se valorarán os méritos presentados polas persoas aspirantes que superen a proba escrita e realicen a entrevista persoal de conformidade co recollido nas presentes bases.

A puntuación máxima será de 25 puntos.

Sétima.- Presentación de solicitudes e procedemento de selección

As solicitudes serán presentadas no prazo de 20 días naturais a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio nun xornal de maior tirada da zona de

actuación do GDR 15 ou da súa provincia. Ademais a convocatoria publicitarase a través dos taboleiros de anuncios dos Concellos do GDR 15 e na páxina web da Agader (<http://agader.xunta.es>)

As persoas candidatas deberán presentar instancia correspondente dirixida ao Sr. Presidente do GDR Pontevedra - Morrazo (anexo II) no Rexistro do Concello de Pontevedra xunto co curriculum vitae, a fotocopia do DNI, a declaración responsable (anexo III) e a xustificación documental dos requisitos e méritos alegados.

Finalizado o prazo de presentación das instancias, a Comisión de Selección aprobará a lista de persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección, que se fixará no taboleiro de anuncios dos Concellos do GDR 15, concedéndose un prazo mínimo de dous días hábiles a contar dende o día da súa publicación para reclamacións ou corrección de erros.

O procedemento selectivo dará comezo polo posto de Xerente, e unha vez resolto o mesmo, a persoa seleccionada participará como asesora externa da Comisión de Selección nos procesos de selección dos postos de Técnico/a e Administrativo/a.

Unha vez aprobada a lista definitiva de persoas admitidas, serán convocadas as persoas aspirantes para a realización da proba escrita mediante correo electrónico e anuncio inxerido no Taboleiro de Anuncios dos Concellos do GDR 15, e na páxina web da Agader no que se indicará a data e lugar de celebración.

A Comisión reunirase para a valoración da proba escrita publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes. As persoas que non superen a nota de corte, segundo o disposto no punto sexto das bases, quedarán fóra do proceso de selección, concedéndose un prazo mínimo de dous días hábiles a contar dende o día da súa publicación para reclamacións.

Superada a proba escrita, as persoas aspirantes serán convocados/as, para a realización da entrevista persoal, mediante correo electrónico e anuncio inxerido no Taboleiro de Anuncios dos Concellos do GDR15 e na páxina web da Agader, no que se indicará a data e lugar de celebración.

A Comisión reunirase para a realización e valoración da entrevista persoal e dos méritos alegados das persoas candidatas.

Non se valorarán os méritos daquelas persoas que non superaron a nota de corte da proba escrita e/ou non realizaron a entrevista persoal, ao quedar fóra do proceso de selección.

As persoas aspirantes que obtiveron a maior puntuación final en cada un dos postos, serán requiridas para presentar a documentación orixinal acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos e dos méritos alegados.

A Comisión de selección, publicará no taboleiro de anuncios dos Concellos do GDR15 e na páxina web da Agader as puntuacións finais obtidas polas persoas aspirantes, concedéndose un prazo mínimo de dous días hábiles a contar dende o día da súa publicación para reclamacións.

No caso de empate na puntuación final terá preferencia a persoa candidata que obtivera maior puntuación na proba escrita; a continuación, na experiencia profesional, logo na formación específica e finalmente na entrevista persoal.

A comisión, transcorrido o prazo de alegacións previsto, poderá formular a proposta de contratación en número que non exceda das prazas a cubrir.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda, ordenada segundo a puntuación total obtida, de xeito que, se o GDR o precisara, puideran ser contratadas sen ter que realizar un novo proceso de selección.

No caso de que as instancias, alegacións ou reclamacións, documentación, etc. presentadas dentro deste procedemento de selección non sexan entregadas directamente no rexistro do Concello de Pontevedra, deberase remitir dentro do prazo establecido en cada fase do proceso, o xustificante do envío ao correo electrónico registro@pontevedra.eu para a súa consideración.

Oitava.- Comisión de selección.

O proceso de selección do persoal levarase a cabo a través dunha Comisión específica composta por 4 membros da Xunta Directiva:

- 1 Presidente: Miguel Anxo Fernández Lores, Presidente do GDR Pontevedra-Morrazo, suplente X. Manuel Fernández Abrales, vogal do GDR Pontevedra-Morrazo.

- Secretario: Andrés Díaz Sobral secretario do GDR Pontevedra-Morrazo, suplente Itecia Santos Paz, vogal do GDR Pontevedra-Morrazo.
- 2 Vogais:
 - María Ramallo Vázquez vicepresidenta do GDR Pontevedra-Morrazo, suplente Jorge Cubela López, vogal do GDR Pontevedra-Morrazo.
 - Carmen Puga Pereiro, Tesoureira do GDR Pontevedra-Morrazo, suplente Dario Alonso Novoa, vogal do GDR Pontevedra-Morrazo.

Na comisión de selección, poderá participar con voz pero sen voto, un representante da AGADER, reservándose a posibilidade, de incorporar adicionalmente persoal técnico cualificado, con voz pero sen voto, que asesore e acompañe o proceso de selección.

A Comisión non poderá actuar ou constituírse sen a presenza dos titulares ou suplentes do presidente e do secretario.

A Comisión actuará con suxeición ás bases da convocatoria, quedando facultada para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

Novena.- Concurso: Criterios de valoración. Máximo 25 puntos

Xerente

1. Formación . Puntuación máxima: 10 puntos.

Unicamente será puntuable, para estes efectos, a formación que se acredite que está impartida por algún organismo público oficial ou por algunha entidade de natureza privada que conte con recoñecemento da Administración para impartir formación, en algunha ou algunhas das seguintes materias:

- Formación específica en desenvolvemento rural, desenvolvemento local/eurorrexional, formación agraria, de turismo, e Ambiental. (máximo 5 puntos)
- Formación específica en dirección e xestión de empresas, e en fondos europeos e financiamento comunitario. (máximo 5 puntos)
- Formación específica en novas tecnoloxías, internet e redes sociais. (máximo 5 puntos)

Todas as categorías formativas valoraranse segundo a seguinte equivalencia:

- Cursos de menos de 50 horas, 0,25 puntos por curso
- Cursos de duración igual ou superior a 50 horas e menos de 150 horas: 0,50 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior a 150 horas e menos de 300 horas: 0.75 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior a 300 horas: 1,5 puntos por curso.
- Polo coñecemento acreditado de idiomas. Máximo 1 punto.
 - Coñecemento do idioma galego, nivel CELGA IV ou equivalente e/ou superior: 0,5 puntos.
 - Coñecemento acreditado, nivel B1 ou superior, noutros idiomas estranxeiros: 0,5 puntos.

2. Experiencia laboral. Puntuación máxima: 15 puntos.

Unicamente será puntuable, para estes efectos, a experiencia profesional que se acredite mediante contrato e vida laboral:

- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa coordinación ou dirección de programas LEADER ou de filosofía similar no ámbito territorial do GDR: 0,15 puntos.
- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa coordinación ou dirección de programas LEADER, PRODER, AGADER ou fondos dos GALP: 0,10 puntos.
- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa coordinación ou dirección doutros programas financiados con fondos europeos de entidades privadas ou administracións públicas: 0,05 puntos.

Unicamente puntuaranse meses traballados completos.

Técnico/a

3. Formación. Puntuación máxima: 10 puntos.

Unicamente será puntuable, para estes efectos, a formación que se acredite que está impartida por algún organismo público oficial ou por algunha

entidade de natureza privada que conte con recoñecemento da Administración para impartir formación, en algunha ou algunhas das seguintes materias:

- Formación específica en desenvolvemento rural, desenvolvemento local/eurorrexional, formación agraria, de turismo, e Ambiental. (máximo 5 puntos)
- Formación específica en dirección e xestión de empresas, e en fondos europeos e financiamento comunitario. (máximo 5 puntos)
- Formación específica en novas tecnoloxías, internet e redes sociais. (máximo 5 puntos)

Todas as categorías formativas valoraranse segundo a seguinte equivalencia:

- Cursos de menos de 50 horas, 0,25 puntos por curso
 - Cursos de duración igual ou superior a 50 horas e menos de 150 horas: 0,50 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 150 horas e menos de 300 horas: 0.75 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 300 horas: 1,5 puntos por curso.
 - Polo coñecemento acreditado de idiomas. Máximo 1 punto.
 - Coñecemento do idioma galego, nivel CELGA IV ou equivalente e/ou superior: 0,5 puntos.
 - Coñecemento acreditado, nivel B1 ou superior, noutros idiomas estranxeiros: 0,5 puntos.
 - Por estar en posesión dunha licenciatura do ámbito económico ou empresarial: 1 punto.
4. Experiencia laboral. Puntuación máxima: 15 puntos.
- Unicamente será puntuable, para estes efectos, a experiencia profesional que se acredite mediante contrato e vida laboral:
- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa dirección ou xestión de programas LEADER ou de filosofía similar no ámbito territorial do GDR: 0,15 puntos.

- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa dirección ou xestión de programas LEADER, PRODER, AGADER ou fondos dos GALP: 0,10 puntos.
- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa dirección ou xestión doutros programas financiados con fondos europeos de entidades privadas ou administracións públicas: 0,05 puntos.

Unicamente puntuaranse meses traballados completos.

Administrativo/a

5. Formación. Puntuación máxima: 10 puntos.

Unicamente será puntuable, para estes efectos, a formación que se acredite que está impartida por algún organismo público oficial ou por algunha entidade de natureza privada que conte con recoñecemento da Administración para impartir formación, en algunha ou algunhas das seguintes materias:

- Formación específica vinculada a coñecementos administrativos (máximo 5 puntos)
- Formación específica vinculada a coñecementos ofimáticos (máximo 5 puntos)

Todas as categorías formativas valoraranse segundo a seguinte equivalencia:

- Cursos de menos de 50 horas, 0,25 puntos por curso
- Cursos de duración igual ou superior a 50 horas e menos de 150 horas: 0,50 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior a 150 horas e menos de 300 horas: 0.75 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior a 300 horas: 1,5 puntos por curso.
- Polo coñecemento acreditado de idiomas. Máximo 1 punto.
 - Coñecemento do idioma galego, nivel CELGA IV ou equivalente e/ou superior: 0,5 puntos.

- Coñecemento acreditado, nivel B1 ou superior, noutros idiomas estranxeiros: 0,5 puntos.
 - Por estar en posesión dunha 2ª titulación superior a esixida: 1 punto.
6. Experiencia laboral. Puntuación máxima: 15 puntos.

Unicamente será puntuable, para estes efectos, a experiencia profesional que se acredite mediante contrato e vida laboral:

- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa xestión técnica ou administrativa de programas LEADER ou de filosofía similar no ámbito territorial do GDR: 0,15 puntos.
- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa xestión técnica ou administrativa de programas LEADER, PRODER, AGADER ou fondos dos GALP: 0,10 puntos.
- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados coa xestión administrativa en administracións públicas, empresas ou outras entidades: 0,05 puntos.

Unicamente puntuaranse meses traballados completos.

Décima.- Contratación laboral.

A comisión de selección no seu caso, propondrá á Presidencia do GDR a contratación da persoa aspirante que superando as fases do proceso selectivo obtivera maior cualificación total, sen que, en ningún caso, poida aprobar un número superior de aspirantes ao dos postos de traballo convocados.

A Presidencia, de conformidade coa proposta vinculante da comisión de selección subscribirá antes do comezo da prestación do servizo, contrato laboral coa persoa proposta segundo dispón a lexislación laboral.

A formalización dos contratos derivados dos postos de traballo obxecto destas bases e as condicións económicas, laborais e duración dos mesmos, quedarán supeditados á aprobación por parte da AGADER da Estratexia de desenvolvemento local participativo 2014-2020 do GDR 15 e aos fondos públicos asignados á mesma.

Undécima.- Réxime xurídico.

A comisión de selección queda facultada para adoptar as decisións que estime pertinentes en aplicación das presentes bases para a boa marcha do proceso de selección así como para resolver cantas dúbidas poidan xurdir durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

Pontevedra, 11 de novembro de 2016

Asdo. Miguel Anxo Fernández Lores

Presidente do GDR Pontevedra - Morrazo

ANEXO I

TEMARIOS PROBA ESCRITA

Xerente:

- Ámbito territorial do GDR Pontevedra-Morrazo: medio, patrimonio, demografía e estrutura socioeconómica.
- Estatutos sociais do GDR Pontevedra-Morrazo (disponíble en www.gdrpontevedramorrazo.eu).
- Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (Decisión de la Comisión Europea C 2015/8144, de 18 de novembro, aprobatoria do PDR Galicia 2014-2020): Descrición da medida M19 Apoio para o desenvolvemento local de LEADER (art. 35 do regulamento UE nº 1303/2013).
- Modelo de Convenio de colaboración entre AGADER e os GDR, para aplicación da EDLP da medida LEADER no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (autorizado polo Consello da Xunta o 4 de agosto de 2016).
- Bases reguladoras para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local, para a selección e recoñecemento dos Grupos de Desenvolvemento Rural como entidades colaboradoras na xestión da medida LEADER de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Local (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Técnico/a:

- Ámbito territorial do GDR Pontevedra-Morrazo: medio, patrimonio, demografía e estrutura socioeconómica.
- Estatutos sociais do GDR Pontevedra-Morrazo (disponíble en www.gdrpontevedramorrazo.eu).
- Modelo de Convenio de colaboración entre AGADER e os GDR, para aplicación da EDLP da medida LEADER no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (autorizado polo Consello da Xunta o 4 de agosto de 2016).
- Bases reguladoras para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local, para a selección e recoñecemento dos Grupos de Desenvolvemento Rural como entidades colaboradoras na xestión da medida LEADER de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Local (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Contabilidade financeira e análise contable
- Análise e avaliación económico-financeira de investimentos

Administrativo/a:

- Ámbito territorial do GDR Pontevedra-Morrazo: medio, patrimonio, demografía e estrutura socioeconómica.
- Estatutos sociais do GDR Pontevedra-Morrazo (disponíble en www.gdrpontevedramorrazo.eu).
- Modelo de Convenio de colaboración entre AGADER e os GDR, para aplicación da EDLP da medida LEADER no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (autorizado polo Consello da Xunta o 4 de agosto de 2016).
- Bases reguladoras para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local, para a selección e recoñecemento dos Grupos de Desenvolvemento Rural como entidades colaboradoras na xestión da medida LEADER de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Local (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
- Novas tecnoloxías, internet e redes sociais
- Ferramentas e procedementos ofimáticos (Microsoft Office, LibreOffice ou similar)

ANEXO II

INSTANCIA SOLICITUDE PARTICIPACIÓN

D/a.....
 provisto/a de DNI nº..... con enderezo en.....
nº.....andar.....
 C.Postal.....Localidade.....
 Concello.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra
 - Morrazo para a contratación dun/ha

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ao referido concurso e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

AXUNTO ORIXINAIS OU COPIAS DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- 1º.- DNI.
- 2º.- Título ou certificado acreditativo da posesión da titulación esixida
- 3º.- Carné de conducir.
- 4º.- Curriculum Vitae con indicación de correo electrónico
- 5º.- Méritos alegados.
- 6º.-Declaración responsable de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que impida o desempeño do posto de traballo, nin estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública, de ter dispoñibilidade de vehículo propio, e o compromiso de ter e manter dedicación exclusiva ao GDR Pontevedra-Morrazo e de non desempeñar cargos electos nos órganos de ningún GDR.

Pontevedra, a de de 2016

Asdo.

SR. PRESIDENTE DO G. D. R. PONTEVEDRA - MORRAZO

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....
provisto/a de DNI nº..... con enderezo en.....
.....nº.....andar.....
C.Postal.....Localidade.....
Concello.....Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

1º.- Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo.

2º.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

3º.- Que dispoño de vehículo a efectos da súa utilización nos desprazamentos de traballo como do Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra - Morrazo.

4º.- O compromiso de ter e manter dedicación exclusiva ao GDR Pontevedra-Morrazo e de non desempeñar cargos electos nos órganos de ningún GDR.

Pontevedra, a de de 2016

Asdo.

SR. PRESIDENTE DO G. D. R. PONTEVEDRA - MORRAZO